



PSOE, BNG E PP REPRESENTAN A FARSA DA DEMOCRACIA EN VIGO

D. Abel Caballero escenificou o día 29 de decembro de 2007 o absolutismo municipal ao aprobarse a porta pechada o PXOM de Vigo. Un Plan e un comportamento ilegal, insostible e antidemocrático.

O pacto estratéxico do BNG e PSOE -incumprido, polo menos, nos puntos 2, 3, 6, 7 no seu apartado sobre o PXOM- é o antecedente destes sucesos. A súa redacción e arbitraria execución evidencian que o acordo de goberno PSOE-BNG non se fixo para beneficiar ao pobo; estaba viciado -xa é innegable- pola súa profunda falta de conviccións democráticas, unha manifesta falta de respecto á lei e unha intolerable burla ao pobo.

Pola súa banda, o Partido Popular e o Partido Socialista Obreiro Español intercambiaron os seus papeis nesta representación, que xa dura 7 anos, mercé a unha cualidade do bipartidismo: ser dúas caras da mesma moeda e intercambiarse no goberno cando sexa necesario tomar unha decisión coa que o pobo non está de acordo. Vexamos:

GOBERNO DO PARTIDO POPULAR

1. Pacto tácito de goberno co BNG: Alcaldía por PXOM
2. Votación favorable ao PXOM de quen realizaron un pacto de goberno: PP e BNG
3. Votación en contra da oposición, é dicir PSOE
4. Aprobación urxente do PXOM.
5. A opinión dos cidadáns só é importante cando non discrepa dos gobernantes.

GOBERNO DO PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL

1. Pacto explícito de goberno co BNG. Alcaldía por PXOM
2. Votación favorable ao PXOM de quen realizaron un pacto de goberno: PSOE e BNG.
3. Votación en contra da oposición, é dicir PP
4. Aprobación urxente do PXOM
5. A opinión dos cidadáns só é importante cando non discrepa dos gobernantes.

O comportamento do PSOE é o mesmo, pero empeorado, que o do PP cando gobernaba. Non son razóns técnicas, sociais, económicas ou ambientais. Nin sequera políticas no seu sentido máis elevado. O feito determinante que leva ao PSOE a precipitar a votación do PXOM, suspender os dereitos civís e cambiar o sentido do seu voto, é o pase da oposición ao goberno. Con iso, o PSOE consumou o seu abandono e oposición ás teses mantidas polo anterior grupo municipal socialista e traizoou aos cidadáns que lles votaron esperando coherencia.

A estratexia xa coñecida: traizón, frustración, desilusión, desánimo, ten por obxecto: menos pobo e máis partido, aínda que consigan, ao final de todo, que só se voten a si mesmos. Eles legislan coa policía á porta e nós esiximos xustiza á porta dos xulgados. Goberno de feitos consumados e impostos fronte a unha Xustiza reclamada, lenta e cara.

Converteron a política en relixión. Teñen para si que son a encarnación da Vontade Popular. Os seus actos son sempre esencialmente democráticos e as súas decisións nunca poden ser ilegítimas. O pobo non pode comportarse doutro xeito que aceptando os seus xenerosos e paternais designios. E todos debémolles submisión, reverencia e eterno agradecemento. Hei!

Vigo, 4 de Xaneiro de 2008